

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída Nº. 201700000013 28/04/17 09:02:30

Resolución reitoral de 27 de abril de 2017 pola que se convocan 103 bolsas de mobilidade para o estudantado de doutoramento da Universidade de Vigo en programas adaptados ao espazo europeo de educación superior (EEES) para o ano 2017.

Coa finalidade de contribuír a paliar os gastos de desprazamento asociados aos estudos de doutoramento que ten o estudantado dos programas de doutoramento adaptados ao espazo europeo de educación superior (EEES) da Universidade de Vigo e, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade.

Esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de 103 bolsas de desprazamento para estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo, en réxime de concurrencia competitiva.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios na Escola Internacional de Doutoramento, no Rexistro xeral e auxiliares e na páxina web da Universidade de Vigo.
3. As bolsas solicitaranse no modelo oficial dende o día seguinte a súa publicación **ata o 16 de maio de 2017**

A solicitude axustarase ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria e tamén poderá atoparse no seguinte enderezo: <http://www.uvigo.es> no apartado Bolsas/Bolsas de mobilidade de doutoramento.

A solicitude e demais documentación requirida presentarse nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte á publicación desta resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas


Vigo, 27 de abril de 2017

O reitor

Por delegación R.R. do 7 de maio de 2014

(DOG 13/05/14)

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M^a Graña Rodríguez

Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo con data de 28 de abril de 2017

O xefe da Área de bolsas



Francisco Navaza Dafonte

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE MOBILIDADE PARA O ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2017

Esta normativa regula as bolsas de desprazamento para o alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo para o ano 2017. Esta normativa xunto coa convocatoria correspondente publicarase na Escola Internacional de Doutoramento (en adiante EIDO) e no Rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

I. OBXECTO

Estas bolsas teñen por obxecto contribuír a paliar os gastos de desprazamento asociados aos estudos de doutoramento que ten o estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento adaptados ao espazo europeo de educación superior (en adiante EEES) e regulados polo Real decreto 99/2011 do 28 de xaneiro ou polo Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro que se citan no anexo I.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo citados no anexo I, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado na Universidade de Vigo no período de tutela de tese no curso académico 2016/17 nalgún dos programas mencionados no anexo I. En todo caso deberá de estar matriculado no curso 2017/2018 se a mobilidade se realiza despois de iniciado dito curso.
- Realizar a actividade, que de acordo coa súa programación académica, implique o desprazamento a outras universidades participantes no programa de doutoramento, a outros centros de investigación ou a asistencia a congresos ou a cursos.
- Contar co informe favorable das persoas directoras da tese para a realización da actividade obxecto da bolsa.

Non poderán participar aquelas persoas que, en convocatorias anteriores, lle fose revogada esta bolsa e non reintegrara á Universidade de Vigo as cantidades percibidas indebidamente.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

III. INCOMPATIBILIDADES

A cada persoa solicitante só se lle poderá asignar unha das axudas ofertadas dentro do seu programa de doutoramento.

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para a mesma estadía ou asistencia. Nembargantes, cando a axuda concedida non sufrague a totalidade dos gastos de desprazamento, poderanse completar os custos da viaxe con cargo a proxectos de investigación, no caso de que as normas reguladoras destes permitan a súa compatibilidade, e sempre que o importe total das axudas non supere os custos reais.

IV. DURACIÓN

A actividade pola que se solicita a axuda, terá que ser desenvolvida e xustificada antes do 31 de decembro de 2017

V. DOTACIÓN E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2017 00PG 131H 482.10 e o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 51.500 €.

A dotación económica bruta de cada bolsa estará suxeita a retención do IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

Para dar cabida ás diferentes actividades formativas que poden existir nos programas de doutoramento que implican mobilidade, establécense os seguintes tipos de axudas coa súa contía:

Tipo A:	1.000 euros
Tipo B:	750 euros
Tipo C:	500 euros
Tipo D:	250 euros

Unha vez publicada a resolución de concesión das bolsas farase efectivo o pagamento do 50% do importe total concedido da axuda. O 50% restante farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita á EIDO o anexo IV de xustificación de gastos de mobilidade, dentro do mes seguinte ao seu retorno e coa seguinte documentación:

- Certificado de asistencia ao curso/congreso ou certificado da estada.
- Declaración dos gastos ocasionados coa documentación xustificativa orixinal, segundo o formulario do anexo IV.
- Se parte dos gastos do desprazamento foron imputados a un proxecto de investigación é necesaria declaración das cantidades subvencionadas xunto con copia da documentación xustificativa.

O non cumprimento deste requisito comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida.

A cantidade a ingresar, estará limitada pola cantidade xustificada, se esta é inferior ao importe concedido, tal como establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

VI. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O impreso de solicitude atoparano na páxina web: <http://www.uvigo.es> no apartado Bolsas/Bolsas de mobilidade de doutoramento e que figura como anexo II nesta convocatoria.

O prazo de presentación das solicitudes remata o **16 de maio de 2017**.

As persoas aspirantes deberán presentar o modelo (anexo II) no Rexistro xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse ao director da EIDO da Universidade de Vigo e remitiranse á Sección de Bolsas.

As persoas solicitantes deberán indicar a referencia da bolsa solicitada de acordo co número identificativo que consta no anexo I e acompañar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor.
- No seu caso, copia doutras solicitudes de bolsa para a mesma estadía ou asistencia que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.
- Currículo.
- Descrición da estadía para a que solicita a bolsa: desprazamento a realizar; lugar de destino; institución ou congreso/curso; duración do desprazamento; proposta da actividade a realizar no destino (no caso de cursos e congresos indicar o tipo de participación e achegar unha copia da comunicación que se vai a presentar, de ser o caso); e presuposto.

Esta proposta deberá contar co informe favorable do/a director/a da tese para a realización da actividade obxecto da bolsa.

- Compromiso de matrícula no curso 2017/18, se a actividade a subvencionar se estende máis alá do curso 2016/17.
- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tamén se lle poderán requirir ás persoas solicitantes que achegen aqueles outros documentos que fosen necesarios para aclarar os datos necesarios para a concesión das axudas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

VII. SELECCIÓN

A Área de Bolsas, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará a **listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas**, indicando os motivos de exclusión e dándolles un prazo de 5 días hábiles, para emendar os erros e achegar a documentación necesaria, a partires do día seguinte á publicación da listaxe na web <http://www.uvigo.es> no apartado Bolsas/ Bolsas de mobilidade de doutoramento e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

A documentación presentarase no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, dirixidas ao director da EIDO e remitidas á Área de Bolsas.

Emendados os erros, a Área de Bolsas elaborará e publicará unha **listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas**, indicando o motivo de exclusión de ser o caso. Ao mesmo tempo, a Área de Bolsas, achegará as solicitudes e a documentación, a través do correo electrónico ás diferentes Comisións Académicas de doutoramento e á EIDO.

A Comisión Académica do doutoramento de cada programa procederá á valoración e á priorización das solicitudes presentadas segundo o formato do anexo III e seguindo os criterios de valoración específicos que constan no anexo I. Estes **criterios de valoración** inclúen, como **mínimo**, os seguintes apartados:

- a. Os méritos curriculares das persoas solicitantes.
- b. O interese do desprazamento proposto para o programa formativo.
- c. A calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso.

As bolsas asignaranse a aqueles candidatos e candidatas que obteñan as maiores puntuacións.

As Comisións Académicas remitirán á Área de Bolsas, os acordos nos que se valoran as candidaturas e as solicitudes denegadas. Ademais indicará as causas de denegación coa puntuación obtida en cada caso.

A partir es destas valoracións, en función do orzamento de cada programa, a EIDO establecerá a **resolución provisional de adxudicación** das bolsas e mailas listaxes de agarda, así como as solicitudes denegadas indicando os motivos da denegación.

Contra a resolución provisional, poderanse presentar as alegacións oportunas no prazo de 5 días hábiles, contados a partires do día seguinte ó da publicación. Esta documentación presentarase nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 16 da lei 39/2015 do 1 de outubro, dirixidas ao director da EIDO da Universidade de Vigo e remitidas á Área de Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, a Área de Bolsas elaborará a resolución definitiva, que será refrendada pola EIDO.

A **resolución reitoral de adxudicación** das bolsas, publicarase na páxina web da Universidade e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. Esta resolución conterá as solicitudes concedidas, as denegadas coa causa de denegación e as listaxes de agarda ordenadas de maior a menor puntuación. Estas listaxes empregaranse para cubrir as posibles renuncias ás bolsas adxudicadas en cada programa ata 30/11/2017

No caso de que quedara finalmente vacante algún tipo de bolsas nun programa de doutoramento, poderá incrementarse o número de bolsas doutro tipo entre as persoas solicitantes que estivesen na listaxe de agarda, dentro do mesmo programa, ata esgotar o seu crédito.

Unha vez esgotada a listaxe de agarda, se así e todo quedara crédito dispoñible nalgún programa de doutoramento, poderán incrementarse todas as axudas concedidas dentro deste programa na mesma proporción ata esgotar o crédito do programa. Non obstante, este incremento non poderá ser maior do 50% nin producir unha axuda que supere o custo total previsto para o desprazamento da persoa beneficiaria.

Rematado o prazo de renuncias do 30/11/2017, ou previamente no caso de que se tivera constancia de existencia de crédito suficiente, o crédito total dispoñible nese momento será distribuído entre todas as persoas que aínda estiveran na listaxe de agarda sen acadar ningunha axuda ou que non acadaran a totalidade da axuda solicitada. O criterio de reparto será na mesma proporción da parte da axuda solicitada e non concedida, sen que poida concederse nesta fase, en ningún caso, unha cantidade total superior á axuda solicitada.

VIII. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- A) Ter pagada na súa totalidade a taxa de matrícula que lle corresponda e manter a matrícula no programa de doutoramento da Universidade de Vigo durante todo o período de duración da actividade obxecto da bolsa.
- B) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, xustificando a asistencia ou estada mediante o correspondente certificado, así como a declaración dos gastos ocasionados coa documentación xustificativa.
- C) Indicar no impreso de solicitude (anexo II) se teñen algunha axuda ou subvención para a mesma finalidade. No caso de que esta situación se produza con posterioridade á solicitude da bolsa, as persoas beneficiarias deberán comunicalo á Universidade de Vigo, mediante escrito dirixido á Sección de Bolsas.
- D) Cumprir as obrigas recollidas do artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sea de aplicación.

IX. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicala ao director da EIDO.

A renuncia sen causa xustificada penalizará e impediralle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle ao director da EIDO a avaliación das causas alegadas.

X. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas pode ser revogada polos seguintes motivos:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria (punto VIII).
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria (punto III)

A revogación suporá o reintegro, por parte das persoas beneficiarias, das cantidades indebidamente aboadas.

XI. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación desta convocatoria serán resoltas pola Dirección da EIDO.

Calquera reclamación ou queixa farase ante o director da EIDO.

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación das persoas beneficiarias nos cadros de persoal da Universidade de Vigo.

En todo o non previsto nesta convocatoria, aplicaranse as normas estatais e autonómicas vixentes en materia de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais disposicións aplicables).

ANEXO I

- **Programa de doutoramento:** Análise económica e estratexia empresarial

Crédito asignado: 3000 euros

Bolsas convocadas: 5

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
01	B (750)	Asistencia a congresos internacionais	2
02	B (750)	Asistencia/Matrícula cursos formativos	1
03	C (500)	Asistencia/Matrícula cursos formativos/congresos	1
04	D (250)	Asistencia/Matrícula cursos formativos/congresos	1

Criterios de Valoración:
 Curriculum vitae: 30 puntos
 Interese do desprazamento para o programa formativo do estudante: 40 puntos
 Calidade do centro de destino o importancia do congreso/curso/actividade: 30 puntos

- **Programa(s) de doutoramento:** Ciencias da educación e do comportamento

Crédito asignado: 3000 euros

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
05	A	Estadías	2
06	D	Congresos	4

Criterios de valoración:
 a) Os méritos curriculares das persoas solicitantes.....70%
 b) O interese do desprazamento proposto para o programa formativo.....15%
 c) A calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso.....15%

- **Programa(s) de doutoramento:** Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria

Crédito asignado: 3000 euros

Bolsas convocadas: 3

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
07	A	Estadías noutros centros de investigación	3

Criterios de valoración:
 -Expediente académico (20%)
 -Publicacións, Congresos,...etc (50%)
 -Relación da estancia co tema de tese do doutorando/a (15%)
 -Calidade do Centro de recepción (15%)

- **Programa(s) de doutoramento:** Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces

Crédito asignado: 2000 euros

Bolsas convocadas: 4

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
08	C	Asistencia a Congreso	4

Criterios de valoración:
 - Méritos curriculares dos/as solicitantes (70%)
 - Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (20%)
 - Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (10%)

- **Programa de doutoramento:** Ciencia e tecnoloxía química (RD 99/2011)

Crédito asignado: 3500 euros

Bolsas convocadas: 8

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
09	A	ESTANCIA INVESTIGACIÓN	2
10	D	ASISTENCIA A CURSOS OU CONGRESOS	6

Criterios de Valoración

Para obter unha das seguintes bolsas a persoa solicitante debe obter unha valoración positiva (superior a 0) en cada un dos criterios de valoración que deseguido se especifican:

Becas tipo A:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (25 puntos)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (50 puntos)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso, etc. (25 puntos)

Becas tipo D:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (50 puntos)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (25 puntos)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso, etc. (25 puntos)

- Terase en conta que o/a alumno/a non acadase unha bolsa de mobilidade das mesmas características (financiada polo programa) anteriormente.
- Aquelas solicitudes tipo A que non inclúan una descripción detallada da actividade que se vai desenvolver durante a mesma desestimaranse.
- Só para alumnado matriculado no programa “Ciencia e tecnoloxía Química” ao aveiro do RD99/2011

- **Programa de doutoramento:** Comunicación

Crédito asignado: 3.000 euros

Bolsas convocadas: 6

Nº Id	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
11	C	Estadía en centro de investigación ou asistencia a congreso no que se presente comunicación	6

Criterios de valoración:

- 1) Méritos curriculares do/da solicitante: ata 40 puntos.
 - 1.1) Expediente académico grao/licenciatura: ata 16 puntos.
 - 1.2) Expediente académico máster: ata 8 puntos.
 - 1.3) Experiencia profesional relacionada cos ámbitos propios do programa: ata 8 puntos.
 - 1.4) Autoría ou coparticipación en traballos de investigación (publicacións, presentación de comunicacións, etc.) relacionados cos ámbitos propios do programa: ata 8 puntos.
- 2) Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: ata 10 puntos.
- 3) Calidade do Centro de Destino ou importancia do Congreso: ata 10 puntos.
- 4) Non ter recibido ningunha bolsa deste tipo en convocatorias anteriores: 40 puntos.

- **Programa(s) de doutoramento:** Creación e investigación en arte contemporánea

Crédito asignado: 3000euros

Bolsas convocadas: 7

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
12	A	Mobilidade ao extranxeiro (excepto Portugal)	1
13	C	Mobilidade en España e Portugal (de 4 a 7 días de estadía)	2
14	D	Mobilidade en España e Portugal (ata 3 días)	4

Criterios de valoración:

- Criterios de valoración:

- méritos curriculares - 40 %
- interese do desprazamento proposto para o programa formativo - 30 %
- calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. - 30 %

- **Programa(s) de doutoramento:** Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais

Crédito asignado: 1500 euros

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
15	D	Asistencia a congreso ou curso formativo	6

Criterios de valoración:

- Méritos contidos no curriculum vitae do/a participante: 60%
- Interese do desprazamento para o programa formativo: 20%
- Importancia do congreso, seminario, curso, workshop: 20%

- **Programa(s) de doutoramento:**

a) Endocrinoloxía RD 99/2011 (V02D028V06)

b) Endocrinoloxía (O01D003V01)

Crédito asignado: 2000 euros

Bolsas convocadas: 3

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
16	B	Asistencia a congresos	2
17	C	Asistencia a congresos ou cursos	1

Criterios de valoración:

- **Aceptación confirmada de comunicación/ponencia ao congreso ou curso (ata 30)**
(Comunicación oral ou ponencia en curso internacional 30, nacional 20; comunicación póster internacional 15, nacional 10, aceptación como asistente a curso 5)
- **Méritos curriculares dos/as solicitantes segundo criterios de produción científica da Uvigo (ata 30)**
- **Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (ata 20)**
- **Nivel de excelencia do centro de destino ou importancia do congreso ou curso (ata 20):**
congreso/curso internacional 20, congreso/curso nacional 10

- **Programa(s) de doutoramento:** Equidade e innovación en educación

Crédito asignado: 2500 euros

Bolsas convocadas: 6

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
18	A	Estadía de investigación	1
19	C	Estadía de investigación	1
20	D	Asistencia a congresos, xornadas, seminarios ou cursos	4

Criterios de valoración:

- Méritos curriculares: 2,5 puntos
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo da persoa solicitante en relación coa temática da súa tese e co programa de doutoramento: 4 puntos
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso, curso...: 3,5 puntos

- **Programa(s) de doutoramento:** Estatística e investigación operativa (RD 99/2011)

Crédito asignado: 1000 euros

Bolsas convocadas: (2 bolsas tipo C)

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
21	C	asistencia a congresos/workshops/cursos	2
Criterios de valoración:			
-Méritos curriculares dos/as solicitantes (60%)			
-Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (20%)			
-Calidade ou importancia do congreso/workshop/curso (20%)			

- **Programa(s) de doutoramento:** Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura

Crédito asignado: 1500 euros

Bolsas convocadas: 3

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
22	C	Estadías e participación en foros científicos no eido dos estudos ingleses	3
Criterios de valoración:			
- Méritos curriculares: 60%			
- Interese do desprazamento: 20%			
- Calidade do centro/congreso de destino: 20%			

- **Programa(s) de doutoramento:** Estudos lingüísticos

Crédito asignado: 2250 euros

Bolsas convocadas: 6

Nº Id	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
23	B	Estadías de investigación de duración non inferior a un mes	1
24	C	Participación en congresos ou seminarios fora de España ou Portugal	1
25	D	Participación en congresos ou seminarios en España ou Portugal ou mobilidade para traballo de campo relacionado coa tese	4
Criterios de valoración:			
A) Méritos curriculares dos/as solicitantes			ata 30 puntos
(inclúe a valoración inicial no proceso de admisión [ata 15 puntos] máis os méritos relacionados co desenvolvemento dos estudos de doutoramento e da propia tese)			
B) Interese do desprazamento proposto para o programa formativo			ata 25 puntos
Nas solicitudes para asistencia a congresos a puntuación máxima só podería acadarse de documentar a presentación de comunicación ou ponencia. A mera asistencia ou a non acreditación de aceptación permite unha puntuación máxima de 10 puntos			
Nas solicitudes de estadías darase maior puntuación ás de maior duración			
C) Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso			ata 15 puntos
Darase maior puntuación aos de maior relevancia internacional			
D) Outros aspectos:			ata 30 puntos
Non ter recibido ningunha axuda en convocatorias anteriores de mobilidade da EIDO por unha cantidade igual ou superior á solicitada			

- **Programa(s) de doutoramento:** Estudos literarios

Crédito asignado: 2000 euros

Bolsas convocadas: 8

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
26	D	Mobilidade de investigación no ámbito de proxectos de tese ou asistencia a congresos ou cursos relacionados cos estudos literarios	8

Criterios de valoración:

- a) Os méritos curriculares das persoas solicitantes en Estudos literarios (50%)
- b) O interese do desprazamento proposto para o programa formativo en Estudos literarios (25%)
- c) A calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso para os Estudos literarios (25%)

- **Programa(s) de doutoramento:** Láser, fotonica e visión

Crédito asignado: 2000 euros

Bolsas convocadas: 4

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
27	D	ASISTENCIA A CONGRESO INTERNACIONAL	2
28	B	ASISTENCIA A CONGRESO INTERNACIONAL	2

Criterios de valoración:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes: 30%
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: 30%
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso : 40%

- **Programa(s) de doutoramento:** Nanomedicina

Crédito asignado: 1000 euros

Bolsas convocadas: 1

Nº Id.(2)	Tipo(3)	Perfil	Nº de bolsas
29	A	Curso	1

Criterios de valoración:

- Méritos curriculares dos/as solicitantes (70%)
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (20%)
- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (10%)

- **Programa(s) de doutoramento:** Ordenación xurídica do mercado

Crédito asignado: 1500 euros

Bolsas convocadas: 3

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
30	C	Estadías de investigación, asistencia a congresos, asistencia a cursos, etc. relacionadas coa tese de doutoramento da persoa solicitante doctorando/a que la solicite	3

Criterios de valoración:

- 1.- Méritos curriculares dos/as solicitantes (25)
- 2.- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo (25)
- 3.- Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso (25)
- 4.- No haber gozado no curso anterior de axuda vinculada ao Programa de doutoramento (25)
- 5.- Priorizaranse as solicitudes da seguinte forma:
 - a) -Estadías de investigación,
 - b) -Asistencia a congresos; -Asistencia a cursos,

- **Programa(s) de doutoramento:** Protección do patrimonio cultural

Crédito asignado: 5.500

Bolsas convocadas: 8

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
31	C	ASISTENCIA A CONGRESO	5
32	A	ESTADÍA INVESTIGACIÓN	3

Criterios de valoración:

BOLSA DESPRAZAMENTO ASISTENCIA A CONGRESOS:

- CURRICULUM VITAE (publicacións, asistencia e participación en congresos, participación en proxectos e outros méritos): 20%.
- ADECUACIÓN E INTERESE PARA A TEMÁTICA DA TESE (Xustificación por parte da persoa directora da tese en función do definido no plan de investigación): 20%
- TIPO DE CONGRESO: máximo 30%
 - o Internacional: 25%
 - o Nacional: 5%
- TIPO DE PARTICIPACIÓN: máximo 30%
 - o Ponente de traballo modalidade oral: 15%
 - o Ponente de traballo modalidade póster: 10%
 - o Asistencia: 5%
- Priorizaranse aquelas solicitudes de alumnos/as que non participaran nunca como ponentes (modalidade oral ou poster) nun congreso internacional relacionado coa temática da súa tese de doutoramento.

BOLSA DESPRAZAMENTO ESTADÍA DE INVESTIGACIÓN

- CURRICULUM VITAE (publicacións, asistencia e participación en congresos, participación en proxectos e outros méritos): 30%.
- ADECUACIÓN E INTERESE Á TEMÁTICA DA TESE (Xustificación por parte da persoa directora da tese en función do definido no plan de investigación): 20%
- TIPO DE CENTRO: 20%
 - o Internacional: 15%
 - o Nacional: 5%
- DURACIÓN DA ESTADÍA: 30%
 - o Menos de 3 meses: 5%
 - o Mais de 3 meses: 25%

- **Programa de doutoramento:** Tecnoloxías da información e as comunicacións

Crédito asignado: 5.250 euros

Bolsas convocadas: 7

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
33	B	Indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso ou escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación	7

Criterios de Valoración

- | | |
|--|----|
| • Méritos curriculares dos/as solicitantes | 10 |
| • Interese do desprazamento proposto para o programa formativo | 40 |
| • Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus. No caso de estancias de investigación, darase prioridade a que o centro de destino estea no estranxeiro e supoña un cambio de país de residencia do/a estudante. | 50 |

- **Programa(s) de doutoramento:** Tradución & paratradución RD 99/2011

Crédito asignado: 1.000 euros

Bolsas convocadas: 4

Nº Id.	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
34	D	Axudas para a asistencia a congresos	4

Criterios de valoración:

- Currículum e méritos académicos: ata 80 puntos
- Interese do desprazamento proposto para o programa formativo: ata 10 puntos
- Importancia do congreso: ata 10 puntos

- **Programa(s) de doutoramento:** Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria

Crédito asignado: 2.000 euros

Bolsas convocadas: 3

Nº Id	Tipo	Perfil	Nº de bolsas
35	A	Estadía internacional. Doutoramento europeo	1
36	C	Asistencia congreso nacional/internacional	2

Criterios de valoración:

- Adecuación do desprazamento aos requerimentos do programa de doutoramento (50 pts)
- Memoria indicando o interese do desprazamento para o programa formativo (25 pts)
- Curriculum Vitae (15 puntos)
- Indicios de calidade do congreso ou centro receptor (10 puntos)

ANEXO II

Solicitud de bolsa de movilidad de doutoramento

Ano 2017

Programa de doutoramento _____

DATOS PERSOAIS (encher en letra maiúscula) (*) NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións

Nome:.....Apelidos:.....NIF:.....

Enderezo(*):

C.Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....

Teléfono:.....Enderezo electrónico

AXUDA SOLICITADA (número de identificación):

DATOS BANCARIOS

		ENTIDADE				OFICINA				D.C.		Nº DE CONTA (dez díxitos)									
E	S																				
(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)																					
NOME DO BANCO:																					
ENDEREZO DO BANCO:																					
SINATURA E SELO DO BANCO:																					

¿É vostede solicitante ou beneficiario/a doutra bolsa ou axuda?

En caso afirmativo, indicar cales:

Presenta certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias

Si Non

Presenta certificado de estar ao corrente obrigas coa Seguridade Social?

Si Non

DECLARACIÓN XURADA

Quen asina manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a bolsa de mobilidade de doutoramento son verdadeiros e entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou a falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

_____, ____ de _____ de 2017

Sinatura da persoa solicitante

DIRECTOR DA EIDO-UVIGO
SECCIÓN DE BOLSAS

ANEXO III

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICA

A Comisión Académica do programa de doutoramento

_____, reunida con data _____, tendo en conta a Resolución reitoral de de de 2017 pola que se convocan as bolsas de desprazamento para o alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo durante o ano 2017; e unha vez revisadas e avaliadas as solicitudes presentadas polo alumnado, **ACORDA** propor a seguinte listaxe de valoración dos/as solicitantes:

- **Lista priorizada de candidatos/as:**

Apelidos e Nome.	NIF	Puntuación	Duración (semanas)	Tipo
------------------	-----	------------	--------------------	------

- | • Listaxe de denegados/as | Causas de denegación |
|---------------------------|----------------------|
|---------------------------|----------------------|

Vigo _____ de _____ de 2017

DIRECTOR DA EIDO-UVIGO

ANEXO IV

Xustificación da Bolsa de mobilidade de Doutoramento
Ano 2017

DATOS PERSOAIS (*encher en letra maiúscula*)

Nome:.....Apelidos:.....NIF:.....

Descrición da mobilidade realizada:

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE TER FEITA A MOBILIDADE:

- Certificado de asistencia ao curso/congreso ou certificado de estadia
- Gastos de inscrición no congreso, reunión, conferencia
- Gastos de desprazamento (billetes de avión, autobús, taxi, tren, combustible, peaxe,.....)
- Gastos de aloxamento (hotel, residencia, pensión....)
- Gastos de manutención
- Outros gastos

(A acreditación dos gastos debe de vir acompañada das facturas ou tickets **orixinais**)

Percibiu vostede algunha axuda ou compensación económica dalgún outro organismo (proxeito de investigación, departamento, ...) para os gastos xerados por esta mobilidade?. En caso afirmativo, indicar cales e as contías percibidas por estes conceptos.

DECLARACIÓN XURADA

Quen asina, manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a bolsa de mobilidade de doutoramento son verdadeiros e entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou falsidade dos documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

_____, ____ de _____ de 2017

Sinatura da persoa solicitante

ÁREA DE BOLSAS